SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

DECÁLOGO DE INFORMACIÓN PARA O USUARIO DE SISTEMAS PERSONALIZADOS DE DOSIFICACIÓN (SPD)

É moi importante que coñeza a seguinte información



1. **ACUDA sempre á mesma farmacia.** A que elexiu cando foi incluído no programa. No caso de que decida prescindir do servizo ou cambiar de farmacia, debe **notificalo** no **centro de saúde e na farmacia.**

2. **LEVE o informe de derivación e a bolsa de medicamentos á primeira consulta no centro de saúde.** Inclúa na bolsa todos os medicamentos que toma habitualmente, os que toma de cando en vez, os que non precisan receita médica e os complementos.

3. **PROPORCIONE os seus datos persoais e a información dos tratamentos actualizados** ao/á farmacéutico/a, por se fose necesario poñerse en contacto con vostede.

4. **Os medicamentos sobrantes quedarán baixo a custodia do/a farmacéutico/a para a seguinte preparación.** O/a farmacéutico/a entregaralle aparte os medicamentos que non poden incluirse no SPD.

5. **POÑASE EN CONTACTO co seu médico cando sexa necesario** para que na farmacia poidan dispoñer de receitas con suficiente antelación para a preparación do SPD.

6. **LEVE á farmacia os SPD anteriores** cando recolla un novo, e facilite ao/á farmacéutico/a toda aquela información necesaria para o seguimento do programa.

7. **CONTACTE canto antes coa farmacia** cando ó acudir a consulta ou ingresar nun hospital o/a médico/a realice algún cambio na súa medicación **e aporte os informes que o xustifiquen.**

8. **PRESENTE na farmacia a folla de medicación activa** cada vez que lla dea o seu médico, especialmente tras un cambio ou axuste de tratamento.

9. O/a farmacéutico/a poderá poñerse en contacto co equipo de atención primaria para aclarar dúbidas do seu tratamento.

10. **MANTEÑA O SPD** fóra do alcance dos nenos, nun lugar fresco, seco e afastado da luz do sol ou fonte de calor.

Para calquera dúbida consulte co seu/súa farmacéutico/a.
Os datos da farmacia están dispoñibles na etiqueta do SPD.